



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 22 DE OUTUBRO DE 2024

PRESIDENTA:

D^ª María Dolores Pan Lesta

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D. Daniel Mallo Castro
D. Ramón Boga Moscoso
D^ª María Yolanda Díaz Baldomir
D. Óscar Tomás Barrientos Morales
D. Raúl Varela Fraguío
D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^ª Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIA XERAL:

D.^ª Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día vinte e dous de outubro do ano dous mil vinte e catro, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D.^ª María Dolores Pan Lesta, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D. Daniel Mallo Castro, D. Ramón Boga Moscoso, D.^ª María Yolanda Díaz Baldomir, D. Óscar Tomás Barrientos Morales, D. Raúl Varela Fraguío e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^ª Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^ª Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 15 DE OUTUBRO DE 2024

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 15 de outubro de 2024, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 15 de outubro de 2024.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Excm. Deputación provincial da Coruña, bases reguladoras, en réxime de concorrencia, do programa de subvencións dirixido a concellos para realizar eventos de arte pública urbana na modalidade de pintura mural durante o ano 2025. BOP número 200, de 16.10.2024.

- Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica da Excma. Deputación provincial da Coruña, bases reguladoras do programa de subvencións para limpeza de praias marítimas destinado a concellos da provincia da Coruña-ano 2025. BOP número 200, de 16.10.2024.
- Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Excma. Deputación provincial da Coruña, bases reguladoras, en réxime de concorrencia, do programa de subvencións dirixido a concellos e agrupacións de concello da provincia da Coruña, de menos de 50.000 habitantes, para financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2025. BOP número 200, de 16.10.2024.
- Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica da Excma. Deputación provincial da Coruña, bases reguladoras, en réxime de concorrencia, do programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2025 (PEL-CONCELLOS/2025). BOP número 200, de 16.10.2024.
- Axencia de Turismo de Galicia, Resolución de 9 de outubro de 2024, pola que se amplía o prazo de execución e xustificación previstos na Resolución de 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos para actuacións de embellecemento do litoral galego, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TU503G). DOG número 201, de 17.10.2024.
- Dirección Xeral de Traballo, Ministerio de Traballo e Economía Social, Resolución de 15 de outubro de 2024, pola que se publica a relación de festas laborais para o ano 2025. BOE número 252, de 18.10.2024.

3.- PROPOSTAS

3.1. PROPOSTA RELATIVA AO CAMBIO DE DESIGNACIÓN DE RESPONSABLE DO CONTRATO DE “SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA DE “ACTUACIÓN PARA LEGALIZACIÓN E RECEPCIÓN DAS OBRAS DA URBANIZACIÓN UE-25, CAMIÑO REAL, SIGRÁS”. EXPEDIENTE 2021/C004/000027.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía de data 18 de outubro de 2024 (CVD: 2VwktX8upYuM3VboBu/0), que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do día 28 de novembro de 2022 adxudicou o “Servizo de redacción do proxecto e dirección de obra de “Actuacións para legalización e recepción das obras da urbanización UE-25, Camiño Real, Sigrás” a prol do licitador ITH Planing and Design, S.L. no prezo ofertado de 8.925,00 euros sen IVE, 10.799,25 euros IVE incluído. Expediente 2021/C004/000027.

Visto que no dito acordo designouse como responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë.

Visto que por Resolución número 352/2023 da concelleira delegada de Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 28 de febreiro de 2023 acordouse cesar con data 28 de febreiro 2023 a dona Elena Bartolomé Delanoë de conformidade co establecido na resolución 286/2023 da concelleira delegada de Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de febreiro de 2023, que autorizou o desempeño en

comisión de servizos do posto de xefe da unidade técnica de infraestruturas, na zona centro na Coruña da Dirección de Portos de Galicia, desde o 1 de marzo de 2023 e durante o prazo máximo dun ano.

Visto que por Resolución número 225/2024 da concelleira delegada de Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 29 de febreiro de 2024 acordouse autorizar a dona Elena Bartolomé Delanoë, funcionaria de carreira do concello de Cambre, pertencente á escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnicos medios á prórroga por un ano máis da comisión de servizos no posto de xefe de Unidade Técnica de Infraestruturas que esta ocupando, de conformidade cos artigos 96 da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia e 64 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995.

Visto a providencia emitida con data de 23 de xullo de 2024 (CVD: jxltDlj/Lq84WiCHAxYO) polo concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente, que di:

“(…)

Logo de ver que, segundo o expediente de contratación incoado co nº 2021/C004/000027 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), do contrato para o “Servizo de redacción do proxecto e dirección de obra de “Actuacións para legalización e recepción das obras da urbanización UE-25, Camiño Real, Sigrás”, cun valor estimado de 10.644,94€ e un orzamento base de licitación de 10.644,94€ sen IVE, 12.880,38€ IVE incluído, designase como responsable do contrato a dona Elena Bartolomé Delanoë, enxeñeira técnica de obras públicas municipal, a quen, de conformidade co establecido no artigo 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Logo de ver que a enxeñeira técnica de obras públicas municipal cesou o día 28 de febreiro de 2023, faise necesario designar novamente a un responsable de dito contrato.

Tendo en conta que na sección de servizos consta Alberto Serrano Souto, enxeñeiro técnico de obras públicas municipal, quen pode facerse cargo como responsable do contrato que trae causa,

A medio da presente, **RESOLVO:**

Primeiro: Designar a Alberto Serrano Souto, enxeñeiro técnico de obras públicas municipal, responsable do contrato denominado “Actuacións para legalización e recepción das obras da urbanización UE-25, Camiño Real, Sigrás”.

Segundo: Notificar aos interesados.

(…)”.

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 584/2024, do 7 de maio, propoño a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Deixar sen efecto a designación como responsable do contrato de “Servizo de redacción do proxecto e dirección de obra de “Actuacións para legalización e recepción das obras da urbanización UE-25, Camiño Real, Sigrás”, efectuada en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada con data de 28 de novembro

de 2022, a prol da dona Elena Bartolomé Delanoë, e designar como responsable do contrato a don Alberto Serrano Souto, enxeñeiro técnico de obras públicas municipal interino.

Segundo: Notificar o presente acordo ao adxudicatario, e dar traslado ao responsable do contrato, don Alberto Serrano Souto, para a súa constancia e para os efectos oportunos”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 18 de outubro de 2024 (CVD: 2VwktX8upYuM3VboBu/0), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.2- PROPOSTA RELATIVA Á PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE “IMPARTICIÓN DO CURSO OFICIAL DE MONITOR DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE, DO PROGRAMA TRANS-FORMATE”. EXP: 2021/C004/000015.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía de data 18 de outubro de 2024 (CVD: aL0AVjOGOTMFbomskEu2), que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 28.12.2021 adxudicou o servizo de “Impartición do curso oficial de monitor de actividades de tempo libre, do programa Trans-formate, a realizar no Concello de Cambre nos cursos 2021-22 e 2022- 23, con opción de prórrogas anuais para impartir nos cursos 2023-24 e 2024- 25)”, a favor da empresa “A Billarda, S.L.”, no prezo total ofertado de 12.540,00 euros (exento de IVE) para dous anos de vixencia do contrato, sendo o prezo anual de 6.270,00 euros, Exp: 2021/C004/000015.

Visto o informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas de data 16 de abril de 2024 (CVD: pKuYtX5KortfRzBsfpx2), no que, entre outras cousas, di:

“(…) Que a empresa axudicataria cumpríu o antedito contrato, e a primeira prórroga polo que non se atopa impedimento algún para que se leve a cabo a segunda prórroga do contrato no curso (escolar) 2024-2025.”

Visto o informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas de data 11 de xuño de 2024 (CVD: 7WCakakVG4JCsPQDNQZ2) respecto da insuficiencia de medios persoais para executar a segunda prórroga do contrato do servizo de impartición do curso oficial de monitor/a de actividades de tempo libre do programa Trans-Fórmate a realizar no Concello de Cambre nos cursos 2021-2022, 2022-2023, con opción a prórrogas anuais para impartir nos cursos 2023-2024 e 2024-2025”

Visto o informe desfavorable emitido pola técnica de xestión de administración xeral coa conformidade da secretaria xeral, de data 23 de xuño de 2024 (CVD: EmLaccgzWv8S/IB/XiVF), no que, entre outras cousas, di:

“(…)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Normativa aplicable

(…)

Segundo: A cláusula 9 do PCAP que rexe esta contratación regula o prazo de duración desta contratación nos seguintes termos:

“9. Plazo de duración.

La duración del contrato está prevista para los cursos 2021-22 y 2022-23, con opción de prórrogas anuales para impartir en los años 2023-24 y 2024-25, con inicio en el mes de noviembre para el año 2021 (curso 21-22) y septiembre para los años 2022, 2023, y 2024, (cursos 22-23, 23-24 y 24-25) ello de conformidad con lo establecido en la cláusula nº 2 del Pliego de Prescripciones Técnicas Particulares, según la cual:

- **DURACIÓN:** La formación para la obtención del título de Monitor de Actividades de Tiempo Libre tiene una duración lectiva de 350 horas, repartidas en 2 fases; fase I de 200 horas (fase teórico-práctica, que corresponde a lo que sería el curso) y fase II de 150 horas (fase de prácticas).

- **FECHAS:** el curso se iniciará en el mes de noviembre en el año 2021 y en el mes de septiembre para los años 2022, 2023, 2024. La fecha será determinada por el ayuntamiento.

- **DÍAS DE IMPARTICIÓN:** se establece un mínimo de 20 jornadas de clase de 10 horas de duración como máximo cada una. El curso se impartirá en fines de semana, normalmente en sábados, aunque se podrán utilizar de manera puntual, y autorizados por el ayuntamiento, domingos y/o festivos.

Las prórrogas se adoptarán, en su caso, previo acuerdo del órgano de contratación adoptado a propuesta del responsable del contrato, en el plazo máximo de tres meses desde la finalización del contrato principal, o en su caso, de la primera prórroga. Las prórrogas así acordadas serán obligatorias para el contratista”.

A xuízo da técnica que subscribe, se ben o prazo de duración non se define con precisión no PCAP en tanto que non se concreta que se entende por curso, segundo o informe emitido polo responsable do contrato éste correspóndese co curso escolar e, tal e como tamén se indica no dito informe, o curso escolar correspondente cos exercizos 2022-2023 xa rematou, en tanto que emprega verbos en tempo pasado (“... que a duración do mesmo foron os cursos escolares 2021-2022 e 2022-2023 ...” e que “... a empresa axudicataria cumpriu o antedito contrato, polo que non se atopa ningún impedimento para que se leve a cabo a prórroga do contrato un curso (escolar) mais (2023-2024)” - o subliñado é propio-). En consecuencia, a xuízo da técnica que subscribe, de acordo coa transcrita cláusula 9 do PCAP, a vixencia do contrato rematou co curso escolar 2022-2023, polo que non procede a súa prórroga.

Respecto de que non cabe a a prórroga de prazos xa vencidos é clara a normativa e a doutrina existente ao respecto:

- O informe da Avogacía Xeral do Estado de 22.09.1997 sinalou: «la prórroga debe solicitarse, e incluso acordarse o denegarse, mientras está vigente el plazo inicialmente previsto», engadindo, a este respecto, que «no es preciso que las normas prevean aquellas cuestiones que por su obviedad o por su lógica resulten innecesarias, como ocurre en el presente supuesto», pues «[...] resulta evidente que no se puede ampliar lo que ya está extinguido. Una vez que el plazo previsto normativamente llega a su término, se extingue y, por lo tanto, no resulta susceptible de ser ampliado, reducido o prorrogado, porque simplemente ha fenecido» (...).

“Por otra parte, el Tribunal Supremo, también ha rechazado en diversas sentencias la premisa de la que se parte en el dictamen de referencia, que considera que los plazos tienen un mero valor instrumental. Así, en sentencia de 13 de noviembre de 1991 (RA 8007) se declara que los plazos procesales, «no son formalismos intrascendentes, sino que son requisitos de inexcusable observancia, por lo que no se pueden desconocer», añadiendo que «en la Jurisdicción contencioso administrativa los plazos son improrrogables, de suerte que una vez transcurridos, se tiene por caducado el derecho y por perdido el trámite o recurso que hubiere dejado de utilizarse». En el mismo sentido, la sentencia de 15 de julio de 1991 (R. A. 6777) declara que «el problema de los plazos tiene una importancia capital» y el auto de 6 de noviembre de 1990 (RA 9888) que «si no cabe efectuar interpretaciones extensivas del presupuesto procesal impeditivo [...] tampoco pueden hacerse las permisivas que conduzcan a ampliar los trámites materiales o temporales del ejercicio de la acción, comprometiendo la regularidad del procedimiento [...]”.

- *Á obrigatoriedade dos termos e prazos ven establecida, con carácter xeral, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:*

“Artículo 29. Obligatoriedad de términos y plazos.

Los términos y plazos establecidos en ésta u otras leyes obligan a las autoridades y personal al servicio de las Administraciones Públicas competentes para la tramitación de los asuntos, así como a los interesados en los mismos”.

- *Así as cousas, calquera intento de relativizar a transcendencia dos prazos no procedemento administrativo español resulta inxustificable, posto que os mesmos operan (ou poden operar) de forma decisiva no seno de calquera expediente.*

- *En materia de contratación administrativa, o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas tampouco ofrece dúbidas:*

“Artículo 100. Petición de prórroga del plazo de ejecución.

1. La petición de prórroga por parte del contratista deberá tener lugar en un plazo máximo de quince días desde aquél en que se produzca la causa originaria del retraso, alegando las razones por las que estime no le es imputable y señalando el tiempo probable de su duración, a los efectos de que la Administración pueda oportunamente, y siempre antes de la terminación del plazo de ejecución del contrato, resolver sobre la prórroga del mismo, sin perjuicio de que una vez desaparecida la causa se reajuste el plazo prorrogado al tiempo realmente perdido.

Si la petición del contratista se formulara en el último mes de ejecución del contrato, la Administración deberá resolver sobre dicha petición antes de los quince días siguientes a la terminación del mismo. Durante este plazo de quince días, no podrá continuar la ejecución del contrato, el cual se considerará extinguido el día en que expiraba el plazo previsto si la Administración denegara la prórroga solicitada, o no resolviera sobre ella.

2. En el caso de que el contratista no solicitase prórroga en el plazo anteriormente señalado, se entenderá que renuncia a su derecho, quedando facultada la Administración para conceder, dentro del mes último del plazo de ejecución, la prórroga que juzgue conveniente, con imposición, si procede, de las penalidades que establece el artículo 95.3 de la Ley o, en su caso, las que se señalen en el pliego de cláusulas administrativas particulares, salvo que considere más aconsejable esperar a la terminación del plazo para proceder a la resolución del contrato”.

En definitiva, nos contratos administrativos o prazo de execución é un elemento esencial e ese carácter esencial determina que, vencido o prazo de duración dun contrato administrativo, non resulte xa posible acordar a súa prórroga nin a ampliación do prazo de execución.

O Consello de Estado declarou en numerosas ocasións que o vencemento do prazo de duración dos contratos administrativos determina a súa extinción. Así, nos dictames números 349/2017, 350/2017 y 351/2017, de 14 de setembro de 2017, o Consello de Estado afirma o seguinte:

«Este Cuerpo Consultivo ha dicho reiteradamente que los contratos administrativos son negocios jurídicos a plazo fijo y que la duración es uno de sus elementos esenciales. [...]

En el caso presente [...], el contrato quedó extinguido por el vencimiento de su plazo. Y debe concluirse también que la denegación de la solicitud de prórroga formulada por el contratista, cuando ya había transcurrido dicho plazo, [...] fue conforme a Derecho. En consecuencia, el contrato se extinguió ipso iure al vencer su duración, sin perjuicio de que subsistieran determinados efectos reflejos».

O contrario sería deixar ao arbitrio da Administración (a quen incumbe tramitar o expediente de resolución) a decisión de acordar incidencias sóo admisibles na fase de execución contractual, respecto de contratos xa extinguidos por ter expirado o seu prazo de vixencia.

En definitiva, presuposto previo para acordar a prórroga dun prazo é que este non expirara.

CONCLUSIÓN

*No suposto examinado, o prazo de duración xa está vencido polo que se **informa desfavorablemente** a súa prórroga.*

En calquera caso, de ser outro o criterio do órgano de contratación, deberase incorporar ao expediente o preceptivo informe de fiscalización emitido pola intervención municipal.

É o que expoño neste informe, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito

Visto o informe desfavorable emitido pola secretaria xeral, de data 5 de setembro de 2024 (CVD: OyBV1npBj4KIEFFVI2A7), no que, entre outras cousas, di:

“(…)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Normativa aplicable.

(…)

Segundo: *Danse por reproducidas as consideracións realizadas no informe de secretaría de data 23 de xuño de 2023 citado nos antecedentes (CVD: EmLaccgzWv8S/IB/XiVF), polo que, toda vez que a primeira prórroga acordouse, de acordo co criterio exposto no devandito informe, unha vez vencido o prazo inicial de duración do contrato, infórmase desfavorablemente a nova prórroga, cando, ademais, o curso escolar 2023/2024(que é o curso para o que se prorrogou o contrato polo acordo da Xunta de Goberno local de 18 de xullo de 2023) rematou.*

CONCLUSIÓN

*En atención ao exposto **infórmase desfavorablemente** a prórroga do contrato referenciado.*

En calquera caso, de ser outro o criterio do órgano de contratación, deberase incorporar ao expediente o preceptivo informe de fiscalización emitido pola intervención municipal.

É o que expoño neste informe, coas limitacións, cautelas e condicionamentos que se derivan so sinalado na cuestión previa, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.

(…)”

Visto o informe emitido pola interventora municipal de data 9 de outubro de 2024 (CVD: 8fPbn/j1c2JL4UhNx7BX) no que, entre outras cousas di:

“(…)”

IV) CONCLUSIÓNS

Fiscalízase de disconformidade a prórroga do contrato de servizo de impartición do curso oficial de monitor/a de actividades de tempo libre do programa trans-fórmate a realizar no Concello de Cambre prevista na cláusula 9 de PCA, polos seguintes motivos:

- *A non definición por parte dos PCA do período que se considera “curso” impide a esta intervención comprobar se o preaviso produciuse, polo menos, con dous meses de antelación ao remate do prazo de duración do contrato (art. 29.2 da LCSP).*
- *Non consta a proposta en firme da empresa A Billarda SL relativa a que o desenvolvemento dos cursos de Monitor de tempo libre farase cumprindo, polo menos, as condicións establecidas no proxecto inicial para os anos anteriores concretando ademais a programación definitiva e actividades concretas a desenvolver co persoal do Departamento de Mocidade municipal (cláusula 19.4 PCA e 7 PPT).*

(...)”

Visto o documento de retención de crédito asinado pola interventora municipal de data 9 de outubro de 2024 (CVD: 8fPbn/j1c2JL4UhNx7BX) con cargo á aplicación orzamentaria 337 22606, por importe de 6.270 euros, no que se certifica “*Que para la(s) aplicación(es) que figura(n) en este documento (o su anexo), existe Saldo de Crédito Disponible, quedando retenido el importe que se reseña.*”

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 584/2024, do 7 de maio, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Prorrogar o contrato do servizo de “Impartición do curso oficial de monitor de actividades de tempo libre, do programa Trans-formate”, adxudicado á empresa “A Billarda, S.L.”, ao curso escolar 2024-2025, no prezo adxudicado de 6.270 euros, con estrita suxeción ás condicións establecidas no prego de cláusulas administrativas (PCAP) e de prescricións técnicas (PPT) que rexen esta contratación, concretando ademais a programación definitiva e actividades concretas a desenvolver co persoal do Departamento de Mocidade municipal (cláusulas 19.4 PCAP e 7 PPT).

Segundo: Dar traslado desta resolución, a través da plataforma TEdC, ao responsable do contrato, o coordinador de actividades culturais e educativas, e á intervención municipal.

Terceiro: Notificar esta resolución á empresa adxudicataria.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 18 de outubro de 2024 (CVD: aL0AVjOGOTMFbomskEu2), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 11 ao 17 de outubro de 2024, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 1225/2024 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente núm. 1255/2024, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1225/2024	11-10-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 15 de outubro de 2024
1226/2024	11-10-2024	Aprobar a lista definitiva de admitidos/excluídos ao proceso de selección para a contratación de tres traballadores/as ao abeiro do programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia, incluído na liña 1.1 do Plan de Emprego Local: programa PELCONCELLOS 2024
1227/2024	14-10-2024	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 9/2024 por importe de 144.174,80 euros correspondente á anualidade 2024
1228/2024	14-10-2024	Considerar desistido a MT da solicitude da axuda económica de emerxencia social para gastos derivados da divenda habitual establecida no artigo 7 da Ordenanza reguladora, concretamente para recibo de alugueiro solicitada con data 15/01/2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1229/2024	14-10-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para a tratamentos especializados establecida no artigo 13, en concreto para tratamento odontolóxico, solicitada con data 05/12/2023, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: JMCL
1230/2024	14-10-2024	Delegar no concelleiro don Ramón Boga Moscoso a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de AGC e DOF
1231/2024	14-10-2024	Nomear como educadora social interina, encadrada na escala de Administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional "A2" e adscrita á Área de Servizos Sociais, a VEPC para o desenvolvemento do programa Píllara dirixido ás familias en risco de exclusión social, cunha duración do citado programa ata o 30 de abril do 2025, de conformidade coa resolución emitida o 22 de novembro de 2023 pola Subdirectora Xeral de Prestacións e Programas de Inclusión e o



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		artigo 23.2c) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
1232/2024	14-10-2024	Delegar na concelleira dona María Yolanda Díaz Baldomir competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de GELP e JMGL
1233/2024	15-10-2024	Aprobar a relación de 3 altas e 1 baixas para participar no Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2024 no mes de xuño
1234/2024	15-10-2024	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MTR
1235/2024	15-10-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
1236/2024	15-10-2024	Aceptar a renuncia voluntaria de AVB á súa condición de axente de protección civil interino neste Concello, con efectos do 15 de outubro de 2024, de conformidade cos artigos 64 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, e 65 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
1237/2024	15-10-2024	Corrixir o punto primeiro dos acordos da Resolución da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos número 1063/2024, do 6 de setembro e conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: FDML
1238/2024	16-10-2024	Considerar desistido a FBC da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 02/07/2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1239/2024	17-10-2024	Autorizar, dispor e recoñecer obrigas por importe de 252,22 euros na aplicación Auga dependencias municipais polo IVE do autoconsumo de auga do segundo trimestre de 2024, así coma o seu pagamento
1240/2024	17-10-2024	Acceder ao solicitado respecto do expediente de contratación para a demolición do edificio situado nos Campóns, e poñer a disposición de RVP en representación do Grupo Municipal Popular, o arquivo electrónico que comprende copia dos documentos obrantes no expediente de contratación da obra de "Demolición de edificio sito en lugar dos Campóns. Castrobó"
1241/2024	17-10-2024	Aprobar o proxecto corrixido denominado "Ordenación y urbanización espacio público en el entorno del Apeadero Cecebre", incluído no POS+ Adicional 2/2023, asinado dixitalmente o 18 de decembro de 2023. Someter a eficacia deste acordo á condición suspensiva da súa ratificación polo Pleno municipal
1242/2024	17-10-2024	Ordenar a JMVB e CLERR que corten as árbores existentes na finca sita no lugar de Sixto, Cambre, que invaden a vía pública e afectan a infraestruturas eléctricas e de telecomunicacións, concedéndolles a tal efecto un prazo de 15 días a contar a partir do seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e o artigo 19 da



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Ordenanza municipal de limpeza viaria
1243/2024	17-10-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 9/10/2024, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: MLL
1244/2024	17-10-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para a atención de gastos derivados da vivenda habitual establecidas no artigo 7, en concreto para recibo de auga, solicitada con data 14/10/2024, por superar o límite máximo establecido por unidade familiar no artigo 4 da Ordenanza. Solicitante: SBB
1245/2024	17-10-2024	Considerar desistido a JMGL da solicitud da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 28 de febreiro de 2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1246/2024	17-10-2024	Ordenar a ELQ, SLQ e JLQ que corte a vexetación existente na parcela sita no lugar de San Paio, Brexo, ao estar xerando unha situación de inseguridade, concedéndolles a tal efecto un prazo de 15 días a contar a partir do seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e o artigo 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
1247/2024	17-10-2024	Denegar a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, solicitada, dado que pola súa discapacidade non se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JMMV
1248/2024	17-10-2024	Iniciar expediente de orde de execución a MCSG, ESG, MdelMSG, OSG, JMSG, herdeiros de FSG e herdeiros de CGD para a roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Drozo, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
1249/2024	17-10-2024	Levantar os reparos formulados pola Intervención municipal no seu informe, isto con base no informe-proposta asinado pola coordinadora de deportes interina en data 30.09.2024, polo coordinador de actividades culturais e educativas en data 01.10.2024 e polo concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude en data 02.10.2024. Aprobar a xustificación presenta polo Club Ciclista Cambre - Caeiro para a percepción da segunda achega do convenio asinado para a promoción do ciclismo 2022, segundo o establecido no apartado da cláusula primeira do convenio. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de 3.505,22 € a prol do Club Ciclista Cambre-Caeiro
1250/2024	17-10-2024	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor. Adxudicar o contrato menor a EDICIÓN DO CUMIO, S.A., por importe de 569,61 € sen IVE (592,39 € con IVE 4% incluído)
1251/2024	17-10-2024	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor.

		Adxudicar o contrato menor a EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA, S.A., por importe de 594,80 euros sen IVE (618,59 € con IVE 4% incluído)
1252/2024	17-10-2024	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor. Adxudicar o contrato menor a KALANDRAKA Editorial SL., por importe de 545,19 € sen IVE (567,00 € con IVE 4% incluído)
1253/2024	17-10-2024	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor. Adxudicar o contrato menor a TRIQUETA VERDE, S.L. por importe de 276,88 € sen IVE (287,96 € IVE 4% incluído).
1254/2024	17-10-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MEMC
1255/2024	17-10-2024	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a MJFF, con periodicidade mínima mensual e por un importe, cada vez, de 1000,00 €, ata o íntegro cumprimento da resolución da alcaldía de data 2 de abril de 2024, pola que se lle ordenou a restitución dos movementos de terra realizados na parcela sita no lugar da Casilla (Cambre), ao seu estado anterior

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local o seguinte asunto:

Único. Proposta de aprobación do expediente de contratación relativo aos “Servizos de prevención de riscos laborais e medicina do traballo do Concello de Cambre”. Exp: 2024/C004/000020.

A Sra. Presidenta intervéñe e manifesta que a urxencia do asunto vén dada porque o servizo tiña que estar funcionando.

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a urxencia do asunto anteriormente citado, é aprobada por unanimidade.

ÚNICO. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN RELATIVO AOS “SERVIZOS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E MEDICINA DO TRABALLO DO CONCELLO DE CAMBRE”. EXP: 2024/C004/000020.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía de data 21 de outubro de 2024 (CVD: S5wytj4EeTkI4p8c5wf9), que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación dos “Servizos de prevención de riscos laborais e medicina do traballo do Concello de Cambre”, Exp: 2024/C004/000020.

Vista a memoria xustificativa, asinada pola Xefa da Unidade de Réxime Interior, Paula Villamisar Varela, coa conformidade do Xefe de Área de Urbanismo e Réxime Interior Emilio Martínez Cubero, en data 10 de setembro de 2024 (CVD: NCFmCxnWu6G7zhtEyqJA).

Visto o prego de prescricións técnicas asinado pola Xefa da Unidade de Réxime Interior, Paula Villamisar Varela, coa conformidade do Xefe de Área de Urbanismo e Réxime Interior Emilio Martínez Cubero en data 4 de outubro de 2024 (CVD: nFw0kEgc3NKtbHNTup/k).

Visto o documento de retención de crédito polo importe anual de 8.608,42 euros con cargo á aplicación orzamentaria 920 22799 (Outros traballos realizados Admin. General) de data 16 de xullo de 2024, nº de operación: 17/2024-220240007587, (Código para validación: 0AR5F-JSYMD-9RRBI).

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares que consta no expediente (CVD: 5JNTiMCjJzoP6nQV/Q5J).

Vista a providencia da Alcaldía de inicio do expediente, de data 7 de outubro de 2024, (CVD: T4s0CUdx15nqOEhmNnYg).

Visto o informe desfavorable emitido pola secretaria xeral, de data 11 de outubro de 2024 (CVD: OJbrGtMO/WXKOvr0Adx3) no que, entre outras, di:

“(…)

CUESTIÓN PREVIA-CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dirá déixase constancia do escaso tempo hábil de que dispuxo a que subscribe para examinar o asunto, motivado pola escasez de persoal no servizo, a ausencia da funcionaria que tramita os expedientes de contratación, vacancia doutro posto de técnico de xestión de Administración xeral, da necesidade de atender ao despacho doutros asuntos, a urxencia con que se solicita a emisión deste informe(que reduce o prazo de emisión de informes á metade), e da excesiva carga de traballo que soporta esta Secretaría.

As circunstancias citadas impiden facer unhas consideracións máis axeitadas e estensas e fan que a que subscribe haxa de expresarse de xeito sintético, co risco que a síntese entraña. É por iso polo que as consideracións que se farán poderán ser ulteriormente ampliadas e/ou matizadas.

Primeira.- Normativa aplicable.

Para a emisión deste informe cómpre ter en conta a seguinte normativa:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de data 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro de 2007.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, que aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG)

Segunda.- Natureza e obxecto do contrato.

De acordo coa cláusula 3 do prego de cláusulas administrativas particulares o prego ten por obxecto regular as condicións que deben rexer a contratación do servizo de prevención de riscos laborais alleo, nas especialidades de higiene industrial e vixiancia da saúde.), polo que o contrato pódese cualificar de administrativo de servizos (artigos 15 e 25 da LCSP).

De conformidade co artigo 25.2 da LCSP: "2. Los contratos administrativos se regirán, en cuanto a su preparación, adjudicación, efectos, modificación y extinción, por esta Ley y sus disposiciones de desarrollo; supletoriamente se aplicarán las restantes normas de derecho administrativo y, en su defecto, las normas de derecho privado. No obstante, a los contratos administrativos especiales a que se refiere la letra b) del apartado anterior les serán de aplicación, en primer término, sus normas específicas".

Terceira.- Importe e duración do contrato.

De acordo coa cláusula 5 do prego de cláusulas administrativas particulares, o contrato ten o seguinte presuposto anual :

*Base: 7.912,01 €
IVE: 696,41 €
TOTAL: 8.608,42 €*

Tendo en conta que a duración do contrato é de dous anos, o presuposto base de licitación ascende a 18.938,52 euros (IVE incluído)

O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 34.812,84 euros.

O prazo de duración do contrato se fixa na cláusula 9 do PCAP en dous anos (24 meses) , prorrogables por outros 2 anos (24 meses)

Cuarta.- Procedemento e forma de adxudicación.

O prego que figura no expediente prevé a adxudicación, mediante tramitación urxente , polo procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación (de apreciación automática e valorables mediante xuízo de valor) .

Indícase na cláusula 11 do PCAP que o contrato se tramitará de forma urxente tendo en conta que se trata dunha necesidade inaprazable cuxa adxudicación é preciso acelerar por razóns de interés público tal e como consta na memoria xustificativa.

Se ben é certo que a contratación se debe acelerar, máxime tendo en conta que as prestacións a contratar consitiúen unha obriga cuxa omisión supón infraccións da normativa de Prevención de Riscos laborais, cómpre lembrar que o anterior contrato se extinguiu (segundo se indica na memoria xustificativa) o 10 de xuño de 2023, , polo que a presente contratación puido realizarse con anterioridade cunha axeitada planificación, de xeito que estivera contratada tan pronto rematara o anterior contrato.

O artigo 119 da LCSP refírese a tramitación urxente do expediente de contratación.

Esta require da previa declaración de urxencia polo órgano de contratación(no suposto examinado, a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía).

O Tribunal Supremo, en sentencias de 19 de novembro de 2004 e 27 de febreiro de 2008 ten declarado que o procedemento ordinario non pode discrecionalmente substituírse polo de urxencia, agas cando existan razóns suficientes para elo. De xeito que este proceder non pode ser consecuencia da demora coa que a Administración actuou o desenvolvemento das súas obrigas, para máis adiante pretender acelerar estas en detrimento da garantía que para o interese xeral supón o procedemento ordinario fronte ao excepcional que e o de urxencia.

A STS de 27/02/2008 no seu fundamento de dereito segundo establece que:

"La tramitación urgente de los expedientes de contratación administrativa constituye una facultad de la administración, de carácter excepcional, para el ejercicio de la cual han de concurrir los requisitos exigidos en el precepto transcrito. De una parte, se trata de una modalidad de contratación utilizable, bien cuando la necesidad del contrato sea inaplazable, o cuando sea preciso acelerar la adjudicación por razones de interés público, por lo que la concurrencia del hecho constitutivo de uno u otro de tales supuestos ha de resultar acreditada. El primero -necesidad inaplazable- comporta el que no se pueda esperar para la celebración del contrato porque exista un límite temporal impuesto por las circunstancias del caso, hecho que se ha de acreditar en el expediente, como es obvio. Y por mismo sucede con el segundo supuesto; han de concurrir las razones de interés público que hagan preciso, que exijan acelerar la adjudicación, que no la ejecución del contenido del contrato. Por otro lado, el expediente ha de contener la

declaración de <<urgencia>> hecha por el órgano de contratación. En primer lugar, dicha declaración no consiste en una simple formalidad, en que aparezca en el expediente una declaración en tal sentido; en segundo lugar ha de realizarla "el órgano de contratación", que en el caso objeto de atención no era el Director General de la Vivienda (que es quien dictó las resoluciones que figuran en el expediente administrativo, alegando que los Directores Generales de la Consejería tienen delegado "el ejercicio de determinadas competencias relativas a contratación", sin especificar si concretamente la relativa al contenido de la resolución, que además no la firma por delegación), sino el Consejero de Obras Públicas, Vivienda y Aguas, que es el firmante de la Orden de convocatoria, indicándose en ésta que es dicha Consejería la que convoca el concurso, y que es en el Registro General de la Secretaría Territorial de la propia Consejería donde se tenían que entregar las proposiciones. Pero además - y esto es lo fundamental- la susodicha declaración de <<urgencia>> ha de estar "debidamente motivada". Como es sabido, la <<motivación>>

consiste en la explicación razonada y razonable del contenido del acto de que se trate. No se cumple, pues, con este requisito de los actos administrativos, esencial (en casos como el que nos ocupa) cuando deba ser motivado "en virtud de disposición legal o

reglamentaria expresa " artículo 54.1.f) de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre), con una mera frase genérica del estilo de la utilizada en la mencionada resolución, pues la simple manifestación del "reconocido interés público" del expediente -carente de explicación alguna, por mínima que fuera- precedida de la expresión "se estima pertinente....." -mera opinión, no que resulte acreditado que sea necesario- "dar la mayor celeridad al expediente", cumplen con la función de la <<motivación>> de los actos administrativos mucho menos cuando, como el examinado, al ser además un acto discrecional, concurre en el mismo otra circunstancia que exige la <<motivación>> (artículo 54.1 .f) citado). Y por supuesto, nos se subsana la falta de <<motivación>> con la alegación de que el concurso se tramita con <<urgencia>> " a fin de no perder los créditos presupuestados a tal fin". Y esto porque, amén de no existir prueba alguno de ello, y de no especificar el destino del crédito que se dice presupuestado (la frase "a tal fin" nada explica), en manera alguna resulta jurídicamente admisible el que la Administración, conocedora de todas las circunstancias de lo que tiene proyectado contratar, retrase la tramitación del expediente de contratación para obviar la utilización del procedimiento ordinario y acudir, con una actuación que incluso puede encajar en el supuesto de fraude de ley, al procedimiento de <<urgencia>>... " .

A jurisprudencia do tribunal supremo ven establecendo de xeito constante e uniforme que a declaración de urxencia que esixe a Lei debe realizarse polo organo competente para contratar, e debe estar debidamente motivada, e esixe que a motivación se trate dunha situación urxente obxectivamente avaliada, e non apreciada de xeito subxectivo polo organo de contratación, de modo que a urxencia responda a razóns de interés público que deben quedar acreditadas de xeito razoable, e con criterios de lóxica, que demostren a necesidade inaprazable de tramitar o procedemento coa urxencia que require, para que deste modo non se altere de xeito inxustificadamente o procedemento ordinario de contratación que a Lei preve como garantía do interés público.

No expediente examinado, se ben, como se indicou, a contratación a día de hoxe reviste urxencia polo incumprimento que se está a producir da normativa sobre prevención de riscos laborais, a necesidade da prestación era coñecida(a data de remata do anterior contrato é un dato que constaba) , polo que de realizarse unha axeitada planificación e priorización desta contratación non resultaría necesario acudir a esta tramitación.

É dicir, a urxencia non pode basearse na falta de previsión, como ocorre no suposto examinado (neste punto compre lembrar o sinalado anteriormente verbo de que este proceder non pode ser consecuencia da demora coa que a Administración actuou en desenvolvemento das súas obrigas, para máis adiante pretender acelerar estas en detrimento da garantía que para o interese xeral supón o procedemento ordinario fronte ao excepcional que e o de urxencia).

Quinta- Órgano de contratación.

De acordo co que dispón a disposición adicional segunda da LCSP a competencia está atribuída ao Alcalde cando o seu importe non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do presuposto de primeiro establecemento nin a contía sinalada, se ben por resolución da Alcaldía 584/2024, de 7 de maio de 2024 delegáronse na xunta de Goberno Local as atribucións como órgano de contratación respecto dos contratos e concesións que especifica, indicando que quedan reservadas á Alcaldía en materia de contratación a competencia para autorizar e dispoñer os gastos correspondentes aos contratos menores de contía inferior a 6.000 euros, IVE excluído, extremo este que debe ser examinado pola Intervención municipal.

